

Na convocatoria de matrícula do curso académico 2025-26 establécese que, tras o remate do proceso de admisión pola CIUG, para iniciar estudos nas titulacións con límite de prazas, abrírase un prazo para o estudantado ao que non lles foi concedida praza, para que se poidan matricular en titulacións nas que quedaron prazas vacantes.

En aplicación desta norma, e á vista da comunicación da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), do 9 de setembro de 2025 na que se indican as titulacións nas que non se cubriron todas as prazas ofertadas,

ESTA REITORIA RESOLVE:

ÚNICO.- O alumnado que reúna os requisitos para iniciar estudos poderá matricularse nas titulacións que se indican a continuación, nas que quedaron prazas vacantes. A matrícula poderá formalizarse na Unidade de Xestión Académica correspondente, entre o **11 de setembro** ata **15 de outubro** en horario de 9 a 14 horas, ata esgotar as prazas vacantes.

Código	Titulación	Campus	Prazas
G3011V01	Grao en Ciencia Política e da Administración	Santiago	17
G5071V01	Grao en Filoloxía Clásica	Santiago	11
G5031V01	Grao en Filosofía	Santiago	1
G5012V01	Grao en Historia da Arte	Santiago	9
G5051V01	Grao en Lingua e Literatura Galegas	Santiago	2
G3053V01	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	Santiago	26
G4041V02	Grao en Enxeñaría Civil	Lugo	1
G4071V02	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	Lugo	26
G4031V02	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Lugo	10
G3111V01	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Lugo	20
G4101V01	Grao en Paisaxe	Lugo	32
G5112V01	Grao en Xestión Cultural (<i>Presencial</i>)	Lugo	15
G5112V02	Grao en Xestión Cultural (<i>Virtual</i>)	Lugo	8
G4992V01	Grao Aberto USC Enxeñarías	Lugo	5

O Reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
10/09/2025 09:35:14.

CSV: B892-13B5-4BC3-844F